

INSTRUCCIÓN PARA A SOLICITUDE DE INTERCAMBIOS PROVISIONAIS DE PRAZAS DO PERSOAL DOCENTE QUE IMPARTE AS ENSEÑANZAS REGULADAS NA LEI ORGÁNICA 2/2006, DO 3 DE MAIO, DE EDUCACIÓN, EN CENTROS DEPENDENTES DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (código do procedemento electrónico: ED002A)

Servizo de Profesorado de Ensinanza Secundaria, de Formación Profesional e de Réxime Especial

Pola Orde do 17 de xuño de 2017 regúlanse os intercambios provisionais de prazas do persoal docente que imparte as ensinanzas reguladas na lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, en centros dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

De acordo co que establece no seu artigo 4, o **prazo** de presentación de solicitudes será de catro días dende o seguinte ao da publicación na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da resolución de adxudicación definitiva de destinos provisionais; para o curso 2017/2018, **o prazo é o comprendido entre o 08/09/2017 e o 13/09/2017, ambos incluídos.**

Segundo o disposto polo artigo 3 da Orde do 17 de xuño de 2017, **as solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos**, a través do modelo oficial de solicitude que está dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/>), **código do procedemento electrónico ED002A**. Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiríraselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data da presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Non deberá presentarse ningunha documentación complementaria para a tramitación deste procedemento.

Cada unha das persoas interesadas en solicitar o intercambio provisional da praza terá que cubrir unha solicitude. Na solicitude deberán constar os datos da persoa coa que queira solicitar o intercambio de praza, **de xeito que haberá tantas solicitudes como persoas interesadas en intercambiar a praza.**

Para calquera dúbida poderá poñerse en contacto co Servizo de Profesorado de Ensinanza Secundaria, de Formación Profesional e de Réxime Especial no enderezo persoal.secundaria@edu.xunta.es ou nos números de teléfono 981545409, 981957910, 981544486.